

Informe sobre as afiliacións á Seguridade Social


Período de referencia: Xuño de 2025

Data de publicación: 2 de xullo de 2025

Principais resultados

- No mes de xuño de 2025, o número de afiliacións en Galicia situouse en 1.102.651, polo que aumentou un 1,64 % respecto ao mesmo mes de 2024. En España, rexistrouse unha taxa de variación interanual do 2,19 %.
- En Galicia, en termos interanuais, as afiliacións ao réxime xeral subiron un 2,21%, mentres que no réxime especial de autónomos baixaron un 0,28 %.

Gráfico 1. Evolución das taxas de variación interanuais (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

1. Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xuño de 2025 acadou a cifra de 1.102.651; o que supón un aumento respecto ao mes pasado de 7.845 afiliacións (0,72 %). Para España, a cifra de afiliacións sitúase en 21.861.095, rexistrando un aumento do 0,35 % con respecto ao mes pasado.

Na comparativa interanual (xuño de 2025 con xuño de 2024), obsérvase un aumento de 17.780 afiliacións en Galicia (1,64 %) e un aumento do 2,19 % (468.206 afiliacións) en España.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de maio de 2025, rexístrase un incremento das afiliacións en 13 comunidades autónomas, sendo Illes Balears (3,04 %) e Castilla - La Mancha (1,68 %) as que experimentan o maior incremento e Andalucía (-0,97 %) a que sofre o maior descenso.


En canto ás taxas con respecto a xuño de 2024, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Ceuta (3,52 %), Canarias (3,04 %) e Murcia (2,98 %).

Cadro 1. Evolución das afiliacións por comunidade autónoma

CCAA	Afiliación media Xuño 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
Andalucía	3.509.152	-34.236	-0,97	81.486	2,38
Aragón	642.231	9.797	1,55	12.144	1,93
Asturias	393.659	2.273	0,58	6.553	1,69
Illes Balears	657.981	19.391	3,04	16.346	2,55
Canarias	938.227	59	0,01	27.680	3,04
Cantabria	239.537	2.346	0,99	5.531	2,36
Castilla y León	998.740	10.237	1,04	14.739	1,50
Castilla - La Mancha	805.868	13.289	1,68	13.612	1,72
Cataluña	3.905.458	24.177	0,62	72.745	1,90
Comunitat Valenciana	2.220.431	7.660	0,35	62.206	2,88
Extremadura	422.520	5.618	1,35	3.490	0,83
GALICIA	1.102.651	7.845	0,72	17.780	1,64
Madrid	3.801.539	9.113	0,24	94.904	2,56
Murcia	685.249	-531	-0,08	19.808	2,98
Navarra	316.264	127	0,04	4.918	1,58
País Vasco	1.029.145	-4	0,00	9.372	0,92
La Rioja	143.044	-473	-0,33	3.818	2,74
Ceuta	24.276	7	0,03	825	3,52
Melilla	25.120	20	0,08	244	0,98
ESPAÑA	21.861.095	76.720	0,35	468.206	2,19

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Gráfico 2. Contribución de cada comunidade autónoma na variación interanual da afiliación mensual (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2. Información por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto a xuño de 2024 en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,88 %, seguida de Ourense (1,79 %), Pontevedra (1,47 %) e Lugo (1,1 %).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xuño con respecto ás do mes de maio, Pontevedra é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación intermensual do 1,07 %, seguida de Ourense (0,8 %), Lugo (0,7 %) e A Coruña (0,42 %).

Cadro 2. Evolución das afiliacións á Seguridade Social. Galicia e provincias

	Afiliación media Xuño 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
A Coruña	480.412	2.023	0,42	8.874	1,88
Lugo	127.967	895	0,70	1.392	1,10
Ourense	108.807	862	0,80	1.914	1,79
Pontevedra	385.465	4.065	1,07	5.600	1,47
GALICIA	1.102.651	7.845	0,72	17.780	1,64
ESPAÑA	21.861.095	76.720	0,35	468.206	2,19

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones


3. Información segundo o réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,78 % das afiliacións galegas en xuño de 2025, aumentaron un 0,86 % con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento dun 2,21 %. En España, estas taxas foron do 0,37 % con respecto a maio de 2025 e do 2,41 % en relación ao mes de xuño de 2024. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,83 %).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,56 %), Ourense (-0,71 %) e A Coruña (-0,07 %) presentan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,18 %) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,28 %. Para este réxime e con respecto ao mes de maio de 2025, baixan as afiliacións en Lugo (-0,05 %), mentres que soben en Pontevedra (0,38 %), A Coruña (0,21 %) e Ourense (0,08 %). O conxunto de Galicia presenta unha taxa intermensual do 0,21 %. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,04 % e unha subida intermensual do 0,21 %.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xuño de 2024, todas as provincias presentan unha taxa de variación interanual negativa: Pontevedra (-4,27 %), A Coruña (-2,87 %) e Lugo (-0,73 %). A taxa galega acada entón o -3,62 %. Con respecto a maio de 2025, baixan as afiliacións en todas as provincias: A Coruña (-0,9 %), Lugo (-0,22 %) e Pontevedra (-0,16 %). A taxa galega é do -0,36 %. As taxas nacionais indican unha baixada interanual do 0,28 % e unha subida intermensual do 2,9 %.

Gráfico 3. Distribución das afiliacións galegas por réximes (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3. Afiliacións por réximes e provincias

Total

	Afiliación media Xuño 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	480.412	0,42	1,88
Lugo	127.967	0,70	1,10
Ourense	108.807	0,80	1,79
Pontevedra	385.465	1,07	1,47
GALICIA	1.102.651	0,72	1,64
ESPAÑA	21.861.095	0,35	2,19

Réxime xeral

	Afiliación media Xuño 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	391.470	0,49	2,37
Lugo	95.760	0,96	2,01
Ourense	86.571	0,98	2,45
Pontevedra	305.860	1,27	2,00
GALICIA	879.662	0,86	2,21
ESPAÑA	18.373.527	0,37	2,41

Réxime especial de autónomos

	Afiliación media Xuño 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	84.009	0,21	-0,07
Lugo	30.854	-0,05	-1,56
Ourense	22.236	0,08	-0,71
Pontevedra	68.015	0,38	0,18
GALICIA	205.113	0,21	-0,28
ESPAÑA	3.421.659	0,21	1,04

Réxime especial do mar

	Afiliación media Xuño 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	4.933	-0,90	-2,87
Lugo	1.353	-0,22	-0,73
Ourense	0		
Pontevedra	11.589	-0,16	-4,27
GALICIA	17.875	-0,36	-3,62
ESPAÑA	65.032	2,90	-0,28

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4. Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador. A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á *Tesorería General de la Seguridad Social* e ao *Instituto Social de la Marina*. A explotación é efectuada pola *Gerencia de Informática de la Seguridad Social*. Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais. Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>